



Asesoramento e Terminoloxía

Anxo M. Lorenzo Suárez


Área de Normalización Lingüística

Universidade de Vigo




Índice

- Experiencias no ámbito universitario
 - Asesoramento
 - Terminoloxía
- Problemas e vantaxes da coordinación
- Propostas de coordinación




Experiencias no ámbito universitario - *Asesoramento*

- Resolución de dúbidas lingüísticas á comunidade universitaria a través de diferentes medios (consulta telefónica, persoal; formularios electrónicos).
 - Sitio web *Galego en liña* (Uvigo, desde 2004).




Experiencias no ámbito universitario - *Asesoramento*

- Campañas e actividades para mellorar a presentación dos documentos escritos:
 - Campaña *Mellorando os servizos* (USC, 1999).
 - Curso de optimización lingüística e de deseño (USC, desde 2002).




Experiencias no ámbito universitario - *Asesoramento*

- Proposta de criterios lingüísticos de estilo:
 - Criterios para a adaptación dos cambios normativos nas tres universidades (desde 2003).
 - Existencia de *recomendacións* de estilo:
 - na USC, *Mellorando os servizos* (1999);
 - na Uvigo, *Criterios lingüísticos* (2003).
 - Na UDC, xa elaborado e listo para enviar ao prelo.




Experiencias no ámbito universitario - **Asesoramento**

- Disponibilidade de materiais ofimáticos (correctores e tradutores).
 - Acceso ao tradutor automático castelán-galego 'ESGA' da Xunta de Galicia.
 - Elaboración de ferramentas informáticas e ofimáticas en galego para a xestión administrativa.




Experiencias no ámbito universitario - *Asesoramento*

- Edición de material de apoio (véxase tamén a sección de *Terminoloxía*):
 - Para o labor administrativo.
 - Para a docencia.
 - Para a investigación.



Experiencias no ámbito universitario - Terminoloxía

- Resolución de dúbidas terminolóxicas da comunidade universitaria.
- Edición de léxicos, vocabularios e repertorios terminolóxicos.
- Buscatermos (USC).
- Creación da rolda terminolóxica *USC-Lexiterm*.



Experiencias no ámbito universitario - Terminoloxía

- Colaboración dos servizos lingüísticos en proxectos de forte impacto no ámbito terminolóxico:
 - Proxecto 'Un idioma preciso' (USC-Canal Ciencia).
 - Posta en marcha do proxecto 'Corpus Técnico do Galego' (CTG; Uvigo, desde 2004).
 - Creación do proxecto 'Observatorio de Neoloxía' (Uvigo, desde 1997).




Problemas e vantaxes da coordinación

- Tres servizos distintos nos que conviven modelos diferentes.
- Posibles dificultades técnicas á hora de compartir infraestruturas técnicas (servidores, redes, accesos web, etc.).
- Os proxectos comúns obrigan a unha coordinación permanente ou moi frecuente.
- A proposta de coordinación interuniversitaria tamén supón nalgunha medida contar con recursos e implicación do goberno da Xunta de Galicia.



Problemas e vantaxes da coordinación

- É incuestionable a cantidade de vantaxes que ofrece a existencia dunha acción coordinada entre as tres universidades:
 - mellor xestión dos recursos
 - eficiencia e eficacia.
- Desenvolvemento dunha verdadeira política lingüística universitaria.




Propostas de coordinación - Asesoramento

■ Obxectivo 1

- Homoxeneizar os criterios de estilo e de corrección para a redacción de documentación escrita.

■ Medidas

- Acordar os contidos de cara á elaboración dunha guía de estilo para a redacción de documentos escritos institucionais.
- Coordinar as formas lingüísticas preferentes no caso de optatividade (por exemplo, cambios normativos optativos).
- Dispoñer de infraestrutura técnica necesaria para compartir a resolución de dúbidas.



Propostas de coordinación - Asesoramento

■ Obxectivo 2

- Dispoñer de materiais docentes en galego nas materias troncais e obrigatorias (principalmente de primeiro ciclo).

■ Medidas

- Xeneralizar a disposición do programa completo e das guías docentes das materias nunha versión en galego.
- Elaborar un catálogo de manuais de cursos que poidan ser traducidos ao galego.
- Elaborar un catálogo de manuais orixinais en galego que poden ser encargados e editados.



Propostas de coordinación - Asesoramento

■ Obxectivo 3

- Lograr que o alumnado foráneo coñeza a realidade sociolingüística de Galicia e pór á súa disposición materiais de apoio plurilingüe.



Propostas de coordinación - Asesoramento

■ Medidas

- Analizar as titulacións que máis estudantes estranxeiros reciben.
- Sensibilizar o profesorado e informar os estudantes foráneos sobre a realidade lingüística e sociolingüística de Galicia.
- Titorizar o alumnado foráneo e o profesorado implicado en todo este proceso.
- Elaborar materiais de apoio plurilingües: glosarios temáticos, apuntamentos, guías docentes, etc.



Propostas de coordinación - Terminoloxía

■ Obxectivo 1

- Establecer un mecanismo permanente de coordinación entre as universidades e os principais organismos dedicados á fixación terminolóxica: RAG, Termigal, CCG, ILG e Asociación Galega de Terminoloxía.

■ Medidas

- Establecer un plan de desenvolvemento terminolóxico coa finalidade de evitar duplicacións e para coordinar e repartir as actividades que se deben realizar.
- Establecer un catálogo de produtos terminolóxicos sen elaborar, vinculados coas titulacións universitarias (glosarios, repertorios terminolóxicos, etc.) e planificar a súa realización mediante un programa plurianual.



Propostas de coordinación - Terminoloxía

■ Obxectivo 2


- Xeneralizar nas universidades o acceso e a participación nas bases de datos e nas roldas de correo terminolóxicas existentes, e planificar novos proxectos para pór en marcha.



Propostas de coordinación - Terminoloxía

■ Medidas

- Creación dunha rolda terminolóxica común nas tres universidades.
- *Buscatermos*, accesibles nas tres universidades.
- Planificar o aumento do número e diversidade de termos incluídos no *Buscatermos*.



Propostas de coordinación - Terminoloxía

■ Obxectivo 3

- Planificar o desenvolvemento do Corpus Técnico do Galego (CTG).

■ Medidas

- Planificar os contidos do CTG de acordo coas carencias e coas necesidades actuais.
- Creación dunha *neoloteca* de termos científicos e técnicos.



Remate

- Propostas de *asesoramento*:
 - 3 obxectivos e 10 medidas.
- Propostas de *terminoloxía*:
 - 3 obxectivos e 7 medidas.
- Proposta realista, partindo do que xa existe e reconducíndoo de cara a un aproveitamento xeneralizado.